

## PROTECCIÓN ARANCELARIA E IMPORTACIÓN NA ECONOMÍA GALEGA (1985-2000)<sup>1</sup>

IVÁN LÓPEZ MARTÍNEZ\* / BEATRIZ GARCÍA-CARRO PEÑA\*\*

\*Departamento de Economía Aplicada I

\*\*Departamento de Economía Aplicada II

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade da Coruña

*Recibido:* 3 de xuño de 2003

*Aceptado:* 4 de decembro de 2003

---

**Resumo:** Neste traballo estúdase a variación da protección arancelaria galega causada pola asunción da política comercial común por parte do Estado español e a súa influencia na evolución posterior do fluxo importador de Galicia. A metodoloxía permite calcular a variación das tarifas arancelarias aplicadas ás principais importacións galegas, tendo en conta a súa procedencia comunitaria ou extracomunitaria. Deste modo, realízase unha análise detallada para 219 partidas arancelarias, as máis relevantes na corrente importadora galega. Posteriormente, estas partidas son clasificadas en cinco grupos, segundo a maior ou menor alteración da súa protección arancelaria entre os anos 1985 e 2000. Por último, baixo a clasificación anterior, compáranse as ditas modificacións arancelarias coas variacións do fluxo importador galego.

**Palabras clave:** Protección arancelaria / Política comercial / Integración europea / Importacións / Galicia.

### TARIFF BARRIERS AND IMPORTS IN GALICIAN ECONOMY (1985-2000)

**Abstract:** This paper deals with the changes in Galician tariff barriers produced by the Spanish assumption of the common commercial policy and its influence into the further evolution of Galician import flow. The methodology lets us calculate the variation of the tariffs applied to most significant Galician imports, distinguishing their intra or extra-EU origin. Therefor, we deeply analyse 219 headings, the most important in the Galician imports. Then, these headings are divided into five groups, according to the larger or smaller change in its tariff barriers from 1985 until 2000. Finally, following this classification, those tariff protection transformations and Galician import flow variations are compared.

**Keywords:** Tariff barriers / Commercial policy / European integration / Imports / Galicia.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

A adhesión do Estado español á Comunidade Europea en 1986 supuxo, entre outras cousas, a adaptación da normativa arancelaria española á comunitaria. Como é ben sabido, para iso contouse cun período transitorio de sete anos, de modo que desde 1993 as disposicións nestas materias que aplica España son as que marca a normativa común. En liñas xerais, isto supuxo que a economía española abandonara

---

<sup>1</sup> O presente traballo é complementario dun documento de traballo publicado polo IDEGA (López e García-Carro, 2003). Con respecto a este, aquí ampliouse o horizonte temporal de estudo ata o ano 2000, ademais de realizar diferentes variantes metodolóxicas. Para evitar reiteracións, citaremos o dito documento de traballo en varias partes do presente traballo. Por outra parte, os autores agradecen as valiosas suxestións dos profesores Julio G. Sequeiros Tizón e Fernando I. González Laxe e de dous avaliadores anónimos.

se unha política comercial altamente proteccionista e asumise unha importante apertura do seu mercado. Por unha parte, xa desde 1993, integrándose no gran mercado comunitario, con libre circulación interna de produtos e factores; por outra parte, respecto ás relacións cos países extracomunitarios, adoptando a política comercial comunitaria que, no ámbito dos compromisos alcanzados no seo da OMC, se mostrou aperturista nestes últimos anos, cando menos no relativo ós produtos manufacturados.

Existen diversos estudos que avaliaron as modificacións da protección externa da economía española no seu conxunto. Sen embargo, as consecuencias poderían diferir nas economías rexionais, segundo as especificidades de cada estrutura importadora. No caso concreto que nos ocupa, a estrutura das importacións de Galicia ten suficientes características diferenciais coa corrente importadora global española para que así ocorra (por exemplo, a maior relevancia nas importacións galegas de produtos da pesca, de alimentación animal, petrolíferos, da madeira ou do sector automobilístico).

Deste modo, desenvolvemos o noso traballo co propósito de avaliar os efectos para a economía galega das transformacións arancelarias debidas á integración de España na UE. A suficiente perspectiva histórica de que dispoñemos e a recente axitación do debate acerca da conveniencia dun maior libre cambismo no ámbito internacional engaden novas xustificacións a este traballo.

O traballo estrutúrase do seguinte modo. Tras esta introducción, no segundo epígrafe realízase unha aproximación ás posibles actuacións proteccionistas e ás xustificacións que as apoiaron habitualmente, ademais de presentarse o proceso de apertura comercial española e algúns estudos empíricos sobre el. No terceiro epígrafe expóñense as cuestións referentes á metodoloxía empregada. No cuarto apartado, desde diferentes niveis de agregación para as importacións galegas, calcúlase a variación na protección arancelaria desde o ano 1985 ata o ano 2000, considerando se a orixe do produto é comunitario ou extracomunitario. O quinto epígrafe revisa os impactos destas transformacións por sectores productivos, abordando tamén a relación entre eses cambios arancelarios e a recomposición do fluxo importador galego. O traballo finaliza cunhas breves conclusións.

## **2. PROTECCIÓN E ARANCEL: CUESTIÓN CONCEPTUAL E O CASO ESPAÑOL**

Unha das cuestións nas que tradicionalmente houbo un maior acordo na literatura económica foi a de considerar os beneficios, tanto estáticos como dinámicos, que reporta a calquera país a apertura ó comercio internacional. Sen embargo, a adopción por parte dos poderes públicos de políticas comerciais encamiñadas a dificultar o libre comercio entre nacións resultou moi frecuente. E, se cadra, o elemento máis característico utilizado con fins proteccionistas fose o arancel, isto é,

un gravame sobre as mercadorías importadas, normalmente proporcional ó valor destas. Pero, ademais dos dereitos arancelarios, as políticas comerciais teñen á súa disposición un amplo elenco de barreiras, por exemplo, as cotas ou continxentes, a compensación fiscal na fronteira, as restriccións voluntarias á exportación (VER), o establecemento de normas técnicas ou sanitarias, as subvencións ás propias exportacións, as trabas burocráticas na aduana ou, incluso, as modificacións do tipo de cambio. Polo tanto, podemos distinguir, entre as anteriores, medidas aplicadas pola vía dos prezos, pola vía das cantidades ou por outros procedementos, aínda que todas elas se atopan no terreo do que coñecemos como protección nominal<sup>2</sup>.

Empregáronse variados argumentos para xustificar a utilización de instrumentos proteccionistas. Sen ánimo de ser exhaustivos, citemos algúns como o da protección das “industrias nacentes” nas súas etapas iniciais, o da defensa de sectores considerados estratéxicos, o do mantemento do emprego nacional ou, máis recentemente, o da penalización a países que exportan a prezos máis competitivos a custa de practicar o *dumping* social. Ademais, non debemos esquecer que as medidas proteccionistas benefician os sectores productivos nacionais, que habitualmente teñen unha certa facilidade para organizarse e crear grupos de presión que defendan os seus intereses particulares ante as autoridades económicas. Incluso algunhas das barreiras proteccionistas poden supoñer unha recadación de ingresos para as arcas públicas. Sen embargo, os argumentos esgrimidos a favor do libre comercio son moito máis poderosos e demostraron que a apertura ó exterior favorece as ganancias de benestar para o consumidor, o desenvolvemento dun tecido productivo máis competitivo a longo prazo e unha asignación máis eficiente dos recursos internos.

Respecto á economía española, nas últimas décadas levouse a cabo un gradual e profundo proceso de liberalización comercial. Os fronts sobre os que actuaron os diferentes gobernos foron moi variados, dada a situación claramente proteccionista da que se partía. Por outra parte, o proceso estivo marcado por diferentes feitos (tanto de tipo institucional como relacionados co equilibrio macroeconómico) que o foron impulsando ou freando ó longo do tempo. Non imos deternos aquí nestas cuestións, pero si situaremos as pretensións do noso estudo respecto a ese proceso de apertura. Neste sentido, o proceso de liberalización comercial español avanzou a través de tres vías complementarias: reducindo a cobertura dos réximes de comercio administrado, minorando a protección arancelaria media e limitando os niveis de dispersión das tarifas arancelarias; por outra parte, foi a integración comunitaria a que supuxo, en magnitude e celeridade, a etapa de máis intensa liberalización comercial da economía española (Alonso e Donoso, 2001, pp. 435-436)<sup>3</sup>.

---

<sup>2</sup> Se, ademais, se considerase a protección que obteñen os *inputs* utilizados por un sector determinado, falaríamnos de protección efectiva (dado que a protección nominal se aplica a bens finais).

<sup>3</sup> Para un estudo en profundidade sobre a substitución dunha política comercial autónoma por outra común debida á incorporación española á CEE, pode consultarse tamén Carderera (1997).

Fronte a estes procesos, a resposta das economías española e galega respecto ó seu comercio internacional apuntaba na mesma dirección. Por exemplo, ambas as dúas economías foron incrementando o seu volume de comercio, suavemente durante o período transitorio e máis rapidamente tras a súa finalización. Tamén foi notable a desviación de comercio das dúas economías cara ó mercado comunitario; este feito resultou moito máis acentuado para as importacións que para as exportacións<sup>4</sup>.

Desde un punto de vista máis microeconómico, no noso traballo imos valorar os efectos para a economía galega da redución da protección nominal arancelaria provocada pola adhesión, profundando nas dúas últimas vías comentadas con anterioridade. Isto é, a diminución do arancel, tanto en termos medios como en canto á súa dispersión nos diferentes tipos de produtos, desde o ano 1985 ata o 2000.

Con pretensións similares ás nosas realizáronse bastantes estudos empíricos sobre o proteccionismo da economía española nas décadas dos anos setenta e oitenta. Máis recentemente, a principios dos anos noventa, a adhesión comunitaria renovou o interese por investigar estes temas. Así, publicáronse interesantes artigos, como os de Bajo e Torres (1990)<sup>5</sup>, Cañada e Carmena (1991), García e Suárez (1993) ou Buisán e Gordo (1995). Neles pódense atopar diferentes estimacións do nivel de protección nominal (arancelaria e non arancelaria) e de protección efectiva da economía española para varios períodos e diferentes agrupacións sectoriais. Metodoloxicamente, todos estes traballos empregan os datos proporcionados polas táboas input-output e pola recadación en aduanas, calculando a protección nominal como unha porcentaxe da suma das diversas cargas impositivas en fronteira entre o valor das importacións. Nalgúns casos, ademais, relaciónanse as taxas de protección con outras variables, como o contido factorial, os prezos internos ou a propia importación de bens.

A continuación, referirémonos á metodoloxía que nós empregamos, que se afasta en cuestións básicas da dos traballos comentados como, por exemplo, as importacións galegas fronte ás españolas, a medición exclusiva da protección arancelaria e o seu modo de cuantificala, unha maior desagregación por produtos, etc. Estas diferencias reducen as posibilidades de comparar resultados.

### 3. ASPECTOS METODOLÓXICOS

Dividimos as cuestións metodolóxicas en catro apartados referidos ó concepto de protección empregado, ó nivel de desagregación dos produtos e ós marcos espacial e temporal.

---

<sup>4</sup> Para profundar nestas comparacións poden verse os capítulos V-VII de Sequeiros (1999).

<sup>5</sup> Na bibliografía deste artigo recóllense as publicacións precedentes máis importantes.

### 3.1. DELIMITACIÓN DA PROTECCIÓN NOMINAL ARANCELARIA

Para analizar as modificacións dos aranceis aplicados ós bens importados por Galicia desde a adhesión española á CEE partiremos da definición estricte de protección nominal arancelaria, comprendendo unicamente os dereitos arancelarios á importación. Deste modo, poderemos realizar unha análise máis exhaustiva desde o punto de vista sectorial, aínda que teremos que renunciar ó estudio dos outros aspectos que, como vimos no segundo epígrafe, comprende a protección global (compensación fiscal e protección efectiva, sobre todo).

Por outra parte, o arancel aplicable en todos os anos analizados (1985, 1993 e 2000) afectaba a determinados productos mediante regulacións específicas (sobre todo, réxime de exaccións reguladoras) ou mediante mínimos específicos (complementando o dereito *ad valorem*)<sup>6</sup>. Non contemplamos estes aspectos, polo que debemos entender a protección arancelaria destes productos como a mínima que posuían.

Unha novidade das tarifas arancelarias aplicables no ano 2000 é que se presentan divididas en semestres. Sen embargo, na gran maioría dos casos, a tarifa é coincidente para os dous períodos. Nos poucos casos en que non o era, optamos por tomar a media simple de ambas.

### 3.2. O NIVEL DE DESAGREGACIÓN DOS PRODUCTOS

Os dereitos arancelarios establécense no nivel de desagregación de posición arancelaria das clasificacións aduaneiras para o comercio exterior, isto é, cando menos 7 díxitos para a NIMEXE e 8 díxitos para a nomenclatura combinada (NC). Por iso, para coñecer o arancel aplicable a unha mercadoría importada cómpre traballar coas posicións arancelarias, o que aumenta considerablemente o número de productos. En concreto, por exemplo, a economía galega importou no ano 1993 uns 7000 productos diferentes, clasificados neste nivel de desagregación.

Dado o elevado nivel de concentración das importacións galegas, o fundamental dese fluxo céntrase nun número de productos bastante reducido (Sequeiros, 1999, pp. 95-97)<sup>7</sup>. Así, nós optamos por restrinxir o noso estudio ás posicións do comercio exterior galego que no ano 1993 tiñan un valor de importación superior a 100 millóns de pesetas. Resultaron, exactamente, 400 rexistros diferentes que cumprían esa condición. Sen embargo, o seu valor conxunto rolda o 95 % do total dese ano, co cal o noso estudio recolle unha mostra moi representativa do fluxo importador galego.

---

<sup>6</sup> Na práctica isto supón unha elevación da protección arancelaria, dificilmente cuantificable coa nosa metodoloxía. Neste caso, e con relevancia para as importacións galegas, atopámonos con varios productos agrarios: algúns lácteos, leguminosas, cereais, azucre e residuos alimenticios. Incluso o arancel para o ano 2000 para a maioría destes productos quedou eliminado na súa vertente *ad valorem*, para transformarse exclusivamente en específico.

<sup>7</sup> Tamén pode consultarse esta obra para outros aspectos do comercio exterior galego, especialmente o capítulo III, onde se realiza un amplo estudio sobre as importacións de Galicia desde o ano 1980.

Os datos sobre as importacións galegas de bens proceden do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT). Para as tarifas arancelarias acudiuse ó *Boletín Oficial do Estado* e ó *Diario Oficial das Comunidades Europeas*, onde está publicada a lexislación arancelaria citada máis adiante.

### 3.3. A DIFERENCIACIÓN SEGUNDO A ORIXE DAS IMPORTACIÓNS

Diferenciamos os dereitos arancelarios correspondentes ás importacións galegas segundo dúas orixes: CE-10 e terceiros. Esta agrupación vén dada pola propia política comercial española, xa que o comercio coa CE-10 estaba supeditado ó Acordo de preferencia comercial suscrito entre a Comunidade e España no ano 1970, polo cal ambos os dous espazos se concedían mutuamente importantes rebaixas arancelarias. Os países terceiros comprenden, por suposto, o non incluído na área anterior.

Por outra parte, para distinguir as importacións galegas segundo a súa orixe, optouse por trasladar a composición actual da UE a todo o período estudado. Así, tomáronse as importacións procedentes da UE-15 e de terceiros países (os non comprendidos na área anterior). Que iso non coincida exactamente coa división forzada polos datos do arancel non debería repercutir nos resultados, posto que as diferencias de volume de comercio galego coa UE-15 e coa CE-10 son mínimas (Sequeiros, 1999, pp. 291-292).

Como é habitual nos estudos de comercio exterior a escala rexional, as importacións galegas comprenden o comercio co estranxeiro; isto é, non se inclúen os fluxos comerciais entre Galicia e o resto de España. A pesar disto, preferimos manter as terminoloxías usuais para referirnos ó espazo comunitario: CE-10 e UE-15.

### 3.4. O MARCO TEMPORAL E AS CLASIFICACIÓNS ARANCELARIAS

Para as pretensións deste traballo, cremos conveniente a utilización dos dereitos arancelarios en tres anos concretos: 1985, 1993 e 2000. A elección dos dous primeiros é evidente por seren representativos da situación española (e, xa que logo, da galega) do antes e do despois do período transitorio definido pola adhesión á CE, respectivamente, mentres que o ano 2000 considerouse como mostra da situación actual. Polo tanto, pódense distinguir dous subperíodos diferenciados: o primeiro (1985-1993) recollería os efectos máis directos derivados da adhesión e é cando a protección arancelaria española acelerou definitivamente a súa caída<sup>8</sup>; o

---

<sup>8</sup> Concretamente, cuantificando a protección nominal arancelaria na economía española desde o ano 1964, resulta unha redución media naquela etapa de 7,3 puntos porcentuais, que é a máxima para un lapso de sete anos (Buisán e Gordo, 1995, pp. 32-34).

segundo (1993-2000) só ten efectos nas tarifas arancelarias fronte a países non comunitarios.

O problema básico para aplicar estas tarifas ás importacións galegas veu dado polos cambios metodolóxicos da clasificación arancelaria. En efecto, as estruturas arancelarias dos anos 1985 e 1993 non coinciden debido, sobre todo, á substitución da NIMEXE pola NC para clasificar o comercio exterior tanto en España como na Comunidade desde 1 de xaneiro de 1988. Ante isto, optamos por traballar coa NC, por ser a clasificación vixente actualmente, aínda que isto impediunos acudir directamente ó arancel que España aprobou para o ano 1985.

Os dereitos arancelarios do ano 1985 son precisamente os “dereitos de base” ós que se refire o Tratado de adhesión, a partir dos cales o Estado español acometería as reducións previstas para os intercambios coa Comunidade e as adaptacións ó arancel aduaneiro común (AAC)<sup>9</sup>. Pois ben, a finais de cada ano do período transitorio, o *BOE* publicaba o arancel de aduanas para o ano seguinte, contendo os dereitos aplicables para os produtos agrarios e os dereitos de base e os aplicables para os bens industriais. Xa que logo, os dereitos de 1985 para produtos industriais puidémolos extraer dun ano posterior a 1987 coa estrutura da NC<sup>10</sup>. En cambio, os dereitos agrarios de base non foron publicados no *BOE*, así que os calculamos baixo a NC multiplicando os dereitos aplicables no ano 1988 polo inverso da porcentaxe de rebaixa arancelaria acometida ata esa data (o 62,5%) ou buscando a equivalencia entre posicións da NC e da NIMEXE<sup>11</sup>.

A subordinación da política comercial española á lexislación comunitaria tras o fin do período transitorio facilitou a obtención dos aranceis dos anos 1993 e 2000: desde principios de 1993 quedaron abolidas as tarifas para o comercio intracomunitario e asumíronse as do AAC no comercio con terceiros<sup>12</sup>. De todos modos, a codificación da NC tivo un importante cambio de base no ano 1996, o que provocou unha certa recomposición na clasificación dalgúns produtos significativos (por exemplo, peixes e madeira); este feito, por suposto, tívose en conta no tratamento da información.

---

<sup>9</sup> Artigo 30 da Acta de adhesión de España ás Comunidades Europeas, a cal pode consultarse no *BOE* núm. 1, do 1 de xaneiro de 1986 (volumen especial co Tratado de adhesión de España e de Portugal á CEE).

<sup>10</sup> En concreto, a nosa fonte foi o RD 1455/1987 do 27 de novembro de 1987, polo que se aprobou o arancel de aduanas para 1988 acomodado ó novo arancel de aduanas comunitario.

<sup>11</sup> Os dereitos aplicables en 1985, baixo a estrutura da NIMEXE, foron aprobados polo Real Decreto 2290/1985.

<sup>12</sup> Así, no artigo único do Real Decreto 1626/1992, “*apróbase a estrutura e dereitos do arancel de aduanas establecidos polo Regulamento (CEE) número 2658/87 do Consello e polo Regulamento (CEE) número 2505/92 da Comisión e suprimense os dereitos de aduanas nos intercambios coa Comunidade dos Dez*”. Deste último regulamento comunitario extraemos as tarifas arancelarias para as importacións galegas procedentes de terceiros en 1993, clasificadas en NC. E as correspondentes ó 2000, do Regulamento (CE) número 2204/1999 da Comisión.

## 4. OS CAMBIOS NA ESTRUCTURA ARANCELARIA


Neste epígrafe expónse a análise sobre a evolución da protección arancelaria. Pártese dunhas observacións xerais, as cales nos dirixen ó nivel de desagregación adecuado para o noso traballo; en función deste, propónse unha agrupación das principais partidas arancelarias que importa Galicia, segundo o seu nivel de afectación polas variacións arancelarias.

### 4.1. UNHA PRIMEIRA APROXIMACIÓN

Coa metodoloxía relatada anteriormente e baseándonos na información referente ás 400 importacións máis relevantes de Galicia no ano 1993, construímos as gráficas 1 e 2. Nelas, para cada un destes produtos (representados segundo a súa codificación da NC, de menor a maior e ó máximo nivel de desagregación, isto é, posicións arancelarias) reflíctense os dereitos arancelarios esixibles na fronteira española nos tres anos estudados, tanto para o caso das importacións con orixe comunitaria como para as procedentes de terceiros países. Con estas gráficas preténdese ter unha primeira impresión xeral sobre a situación do antes e do despois da adhesión de España á Comunidade no referente á protección arancelaria de interese para a economía galega, ó igual que da evolución tras o final do período transitorio.


Unha observación detallada destes datos móstranos como entre os anos 1985 e 1993 o arancel fronte á CE-10 se reduciu para 352 produtos e se mantivo nulo para 48; con respecto ó arancel fronte a terceiros, produciuse unha diminución en 295 produtos, mantívose idéntico en 17 e aumentou en 88 casos. En cambio, as modificacións arancelarias entre os anos 1993 e 2000 foron dunha relevancia moito menor, posto que xa só afectaron o arancel fronte a terceiros, o cal se reduciu para 270 produtos, se mantivo idéntico en 128 e aumentou en 2 casos.

O cálculo de certos estatísticos básicos para estas tarifas arancelarias ofrece os seguintes resultados. O arancel medio do importado por Galicia á CE-10 situouse nun 11,04% no ano 1985, mentres que fronte a terceiros países esta cota foi superior en 3,5 puntos porcentuais. Ademais, en ambos os dous casos, a estrutura arancelaria presentaba unha dispersión elevada (con desviacións típicas respectivas de 7,80 e de 10,20%). O coeficiente de correlación entre ambas as dúas series, cun valor de 0,90, indica unha alta correlación entre os aranceis aplicados ós produtos importados da CE-10 e de terceiros. Indagando nesta relación, observamos que, das posicións que presentaban arancel non nulo no ano 1985, o 82% tiñan unha protección arancelaria fronte a terceiros un 33% máis elevada que fronte á CE-10. Estes feitos xustificanse porque ambas as dúas estruturas arancelarias teñen unha procedencia común, explicándose as súas diverxencias polas reducións mutuas pactadas no acordo de 1970 entre España e a CE e polas rebaixas unilaterais aplicadas por España á Comunidade dez anos despois.

**Gráfica 1.-** Arancel ás principais importacións galegas de orixe comunitaria

NOTAS: O arancel para os anos 1993 e 2000 é nulo, polo que a súa representación resulta sobre o eixe de abscisas; como referencia, no dito eixe figuran varios capítulos arancelarios.

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT, o BOE e o DOCE.

**Gráfica 2.-** Arancel ás principais importacións galegas de orixe terceiros

NOTAS: O arancel para o ano 1993 de varios produtos azucrícos excede a escala do eixe de ordenadas; como referencia, no eixe de abscisas figuran varios capítulos arancelarios.

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT, o BOE e o DOCE.

Por outro lado, o arancel medio fronte a terceiros no ano 1993 situouse en 8,57%. Isto representaba unha significativa redución media arancelaria neste espazo territorial; significativa, aínda que moito menor que no ámbito europeo: 5,96 fronte a 11,04 puntos porcentuais, respectivamente. As tarifas fronte a terceiros desde o ano 1993 ata o 2000 víronse algo minoradas, pasando o arancel medio para as principais importacións galegas a ser dun 5,87%. Isto sérvenos para afirmar que a estrutura arancelaria que España estaba aplicando a eses países sufriu os cambios máis importantes ó transformarse no AAC, xa plenamente no ano 1993.

En síntese, esta análise inicial mostra que, previamente á adhesión, o mercado galego contaba cunha elevada protección arancelaria, aínda que algo minorada para os produtos cunha orixe comunitaria. Pero a adopción da política comercial comunitaria provocou alteracións cuantitativamente relevantes na protección arancelaria de Galicia, aínda que con transcendencia dispar para as diferentes clases de produtos.

#### 4.2. ESTUDIO PARTICULARIZADO CON PARTIDAS ARANCELARIAS

As informacións anteriores perfilaban, por unha parte, a dificultade de análise propia da máxima desagregación dos produtos e, por outra, a esixencia de estudar a casuística dalgún tipo de agrupación sectorial. Consideramos, xa que logo, que o máis oportuno era empregar as partidas arancelarias (codificación a 4 díxitos da NC), analizando así 219 produtos, os cales representan un conxunto bastante estable e amplo do perfil importador galego, segundo se observa no cadro 1. Nel tamén se percibe a posible desviación de comercio que puido ocasionar a adhesión, xa que, mentres que no ano 1985 predominaba o abastecemento extracomunitario da economía galega, a situación cambiou radicalmente e os nosos provedores máis habituais son agora comunitarios<sup>13</sup>.

**Cadro 1.-** Participación das importacións de Galicia seleccionadas no fluxo importador total (por orixes, en %)

	1985	1993	2000
UE-15	20,9	58,0	48,7
Terceiros	71,2	37,0	30,0
M seleccionadas	92,1	94,9	78,7

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT.

Para este nivel de agregación e tanto fronte ós países comunitarios como fronte a terceiros, calculamos a protección arancelaria de cada partida como a media aritmética ponderada<sup>14</sup> da protección das posicións arancelarias que a integran e pre-

<sup>13</sup> Non obstante, esta información sobre as orixes está moi condicionada pola evolución da partida 2709 (cru de petróleo), de procedencia maioritaria en terceiros países que, representando no ano 1985 case o 50% do total importador galego, foi perdendo gradualmente a súa preponderancia ata supoñer o 12% no ano 2000.

<sup>14</sup> Non existe acordo sobre se resultan máis eficientes as medias aritméticas simples ou as ponderadas. Melo e Monés (1982, p. 49) móstranse partidarios da utilización de medias ponderadas, aínda que recoñecen que o seu principal inconveniente é que as cifras coas que se pondera son unha consecuencia da propia estrutura arancelaria. No noso caso concreto, utilizamos as importacións do ano 1993 para calcular a protección arancelaria ponderada das partidas correspondentes ós anos 1985 e 1993, mentres que utilizamos as importacións do ano 2000 para a ponderación da protección arancelaria dese ano. Isto é, mantemos as ponderacións constantes nos dous primeiros anos (condicionados polas diferencias nas clasificacións de produtos, véxase o epígrafe 3) e, desta forma, facilitamos a comparación da protección arancelaria no período de maior interese no noso estudio. En López e García-Carro (2003), en cambio, utilizáronse as medias simples.

viamente seleccionadas<sup>15</sup>. Restando a protección arancelaria fronte a cada espacio en 1985 á de 1993, obtemos a variación de protección debida á adaptación á política comercial comunitaria, expresada en puntos porcentuais<sup>16</sup>. O resultado desta operación para a CE-10 é sempre menor ou igual que cero, representando a completa desaparición da tarifa arancelaria que existía no ano 1985. En cambio, fronte a terceiros, en determinados casos (sobre todo produtos agrarios) o signo é positivo, indicando que a protección arancelaria aumenta desde a incorporación de España á Comunidade; pola contra, se esta cifra é negativa móstranos a menor protección do AAC respecto ó antigo arancel español. Respecto ás alteracións desde o ano 1993, só existen fronte a terceiros e son froito dos compromisos adquiridos pola UE para facilitar o acceso ó seu mercado, o que se traduciu nun menor arancel medio e con menor dispersión no ano 2000.

No cadro 2 preséntanse algunhas medidas estatísticas das partidas arancelarias baixo estudo.

**Cadro 2.-** Características do arancel para as principais importacións de Galicia por orixes e períodos (por partidas, en %)

	CE-10 1985	TERCEIRO S 1985	TERCEIROS 1993	TERCEIRO S 2000
Media	10,66	14,89	7,95	4,54
Desviación típica	7,37	9,54	8,16	4,69
Máximo	36,70	48,90	80,00	23,69
Mínimo	0	0	0	0
Percentil 25	5,03	7,95	4,04	0
Percentil 75	15,58	20,72	11,00	6,85

NOTA: Os datos para o arancel fronte ós países comunitarios nos anos 1993 e 2000 son todos nulos, polo que, a efectos de simplificación, non figuran no cadro anterior.

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT, o BOE e o DOCE.

Realicemos uns comentarios. En primeiro lugar, en función das súas desviacións típicas, debemos dicir que as partidas arancelarias nos proporcionan unha información máis homoxénea que as posicións e, como consecuencia, valores medios máis representativos (agás para o arancel fronte a terceiros países no ano 1993). Sen embargo, calculando o rango intercuartilico destes aranceis obsérvase como o 50% dos seus valores centrais se atopan nun abano pequeno e, como consecuencia, se deduce a existencia dalgúns aranceis moi elevados (atípicos). En segundo lugar, deste cadro pódese deducir cómo o acercamento comercial a Europa

<sup>15</sup> É dicir, cada partida contén cando menos unha posición cun valor de importación superior a 100 millóns de pesetas no ano 1993. Nótese que quedan excluídas desta lista partidas que en conxunto representan un valor de importación superior ó anterior, pero que non teñen ningunha posición que o alcanza; as partidas neste último caso, sen embargo, supoñen un escaso 2,5% do fluxo total da importación galega nese ano.

<sup>16</sup> En López e García-Carro (2003) inclúese un extenso apéndice coa variación de protección arancelaria (sen ponderacións) entre os anos 1985 e 1993 para as 219 partidas referidas, diferenciando as orixes intra e extracomunitaria, xunto á participación e á evolución das partidas dentro do fluxo importador galego.

(que mostramos no cadro 1) se apoiou nunha maior rebaixa arancelaria: mentres que para o período 1985-1993 a variación do arancel medio á CE-10 foi de -10,66 puntos porcentuais para o resto dos países a variación media situouse en -6,94 puntos, situación parecida á mostrada anteriormente para o caso das posicións arancelarias. En cambio, se temos en conta todo o período estudado (1985-2000), as reducións arancelarias para as importacións galegas provenientes de países comunitarios e de terceiros foron equivalentes en termos absolutos: arredor de 10,5 puntos. O anterior, non obstante, non debe interpretarse como que na actualidade os provedores galegos de ambas as dúas orixes están suxeitos a réximes similares, xa que, no caso dos terceiros países, persisten tarifas arancelarias máis que respectables para determinados produtos.

A información por partidas reforza a nosa idea inicial de que a alteración da protección arancelaria das principais importacións galegas debida á adaptación ó arancel comunitario non tivo, nin moito menos, un efecto homoxéneo. Isto é, poderíase dicir que mentres que para algunhas das importacións galegas a adhesión de España á Comunidade a penas produciu efectos en canto á tarifa arancelaria para acceder ó noso mercado, para outras supuxo unha rebaixa próxima a 40 puntos porcentuais nesa carga. Como veremos máis adiante, a madeira e os automóviles, respectivamente, serían dous claros exemplos do que acabamos de dicir. Por outro lado, algúns produtos procedentes do espazo non comunitario sufriron aumentos significativos no seu gravame arancelario, por exemplo, os peixes.

### 4.3. UNHA PROPOSTA PARA CLASIFICAR OS RESULTADOS

A continuación, para identificar qué partidas resultaron máis ou menos afectadas polas transformacións arancelarias, tanto no comercio intra como extracomunitario, realizamos unha clasificación das 219 principais partidas da importación galega segundo a súa maior ou menor modificación arancelaria, baixo os criterios que seguen a continuación<sup>17</sup>.

- *Grupo A.* Inclúense nesta categoría partidas arancelarias que aumentaron o seu arancel fronte a terceiros países ó longo do período de análise.
- *Grupo B.* Incluímos aquí as 203 partidas que viron minorada a súa protección arancelaria. É dicir, pódese falar de perda de protección arancelaria tanto fronte á CE-10 como fronte a terceiros. Dada a amplitude deste grupo, realizamos unha fragmentación deste, considerando os valores medianos das variacións arancelarias en ambas as dúas categorías: -11,32 fronte á CE-10 e -10,80 fronte a terceiros<sup>18</sup>.

<sup>17</sup> En López e García-Carro (2003) utilizamos os mesmos criterios clasificadores das partidas arancelarias, polo tanto, as alteracións (moi escasas) son debidas á consideración das medias ponderadas.

<sup>18</sup> Utilizamos o valor mediano por ser a medida de síntese máis representativa cando, como no noso caso, os datos están afectadas por valores extremos.

- *Subgrupo B1*. Partidas con escasa perda fronte a ambos os dous espazos (variacións iguais ou inferiores á súa mediana).
- *Subgrupo B2*. Partidas con escasa perda de protección fronte á CE-10 e cunha perda elevada con respecto a terceiros.
- *Subgrupo B3*. Partidas con elevada perda fronte á CE-10 e cunha escasa perda con respecto a terceiros.
- *Subgrupo B4*. Partidas con elevada perda de protección arancelaria con respecto ós dous espazos analizados (maiores variacións que as medianas).

Co obxecto de resumir a información presentada para os grupos e subgrupos anteriores construímos o cadro 3 e a gráfica 3.


Con relación á información anterior, debemos facer algúns comentarios. En primeiro lugar, tanto polo elevado número de partidas como pola súa alta representatividade no fluxo importador, destacan os subgrupos *B1* e *B4*. Isto significa que a maior parte dos principais produtos que importa Galicia ou ben tiveron escasas transformacións arancelarias ou ben se viron afectados por importantes rebaixas nesas tarifas; e este comportamento, ademais, é bastante coincidente para a orixe comunitaria ou para a extracomunitaria. En segundo lugar, as partidas do subgrupo *B1* caracterízanse por unha importante perda de peso na importación galega, e isto sen que se modificaran excesivamente as súas barreiras arancelarias. Isto, sen embargo, está moi afectado polo cru de petróleo: excluíndoo, as porcentaxes sobre o total importador pasarían a ser de 19.6, de 16.8 e de 12.7, respectivamente. En terceiro lugar, analizando a procedencia das importacións nos distintos grupos e subgrupos obsérvase un comportamento curioso. O grupo *A* é o único que aumenta a participación do fluxo extracomunitario sobre o total e, lóxicamente, todos os subgrupos de *B* aumentan de modo considerable a presenza de importacións comunitarias. Sen embargo, respecto á variación da protección arancelaria ata o ano 2000, *A* inclúe precisamente as partidas que gañaron protección fronte a terceiros mentres que en calquera subgrupo de *B* a perderon. Acerca da situación particular dos distintos sectores da importación galega estenderémonos a continuación.

**Cadro 3.-** Partidas (núm.) e a súa participación no total importador (%) en cada grupo e detalle da descomposición por espazo xeográfico

GRUPO	NÚM. DE PARTIDAS	% SOBRE <i>M</i>			% DE PROCEDENCIA UE-15			% DE PROCEDENCIA TERCEIROS		
		1985	1993	2000	1985	1993	2000	1985	1993	2000
A	16	6,2	16,0	10,2	39	35	28	61	65	72
B1	84	68,8	31,0	24,8	13	32	30	87	68	70
B2	18	7,1	3,7	1,1	10	76	49	90	24	51
B3	18	1,7	4,1	2,4	86	58	44	14	42	56
B4	83	8,3	40,2	40,3	86	93	92	14	7	8
Total	219	92,1	94,9	78,7	23	61	62	77	39	38

NOTA: Véxase a definición dos grupos no texto.

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT.

**Gráfica 3.-** Clasificación das partidas segundo a súa variación arancelaria fronte a CE-10 e terceiros, respectivamente, 1985-2000

FONTE: Elaboración propia segundo a AEAT, o BOE e o DOCE.

## 5. ANÁLISE POR SECTORES E EVOLUCIÓN DAS IMPORTACIÓNS GALEGAS

Neste epígrafe trataremos de identificar cómo afectaron as modificacións arancelarias ós principais sectores da economía galega<sup>19</sup>. Seguiremos unha orde en consonancia cos grupos definidos no apartado anterior, aproximadamente de menor a maior perda de protección arancelaria no período 1985-2000. Tamén iremos facendo referencia a cómo foi a evolución das importacións deses sectores nos últimos anos co obxecto de botar algunha luz sobre a relación entre ambos os dous fenómenos<sup>20</sup>. Para iso, consideramos que unha partida arancelaria (ou outro posible agregado sectorial) tivo unha evolución expansiva (recesiva) no seu fluxo importador se desde o ano 1985 ata o 2000 a súa participación sobre o total das importacións de Galicia variou en máis de 0,3 puntos (-0,1 puntos); isto é, en ambos os dous casos terá sufrido unha alteración notable na xerarquía importadora galega. Se

<sup>19</sup> Para profundar na realidade dos sectores productivos galegos, pode consultarse a recente obra de Fernández e López (2000), especialmente os capítulos VIII-X e a bibliografía alí citada.

<sup>20</sup> Non obstante, ó igual que Cañada e Carmena (1991), recoñecemos as dificultades de modelar a relación entre variacións arancelarias e importacións, polo que propoñemos un achegamento descritivo ó tema.

a variación desa participación non alcanza os valores citados, asumiremos que esa variable seguiu un comportamento estable<sup>21</sup>.

### 5.1. OS SECTORES CON MENOR PERDA DE PROTECCIÓN ARANCELARIA

Os produtos do complexo mar-industrial (peixe, crustáceos e as súas conservas) supuxeron ultimamente case unha quinta parte do total das importacións galegas. Gañaron protección arancelaria fronte a terceiros, aínda que na maioría dos casos queda máis que compensada por unha importante perda de protección respecto ás importacións con orixe comunitaria. A pesar diso, a evolución das importacións galegas de produtos pesqueiros copou os postos máis expansivos do comercio extracomunitario que, ademais, é o predominante.

As importacións de cereais quedaron clasificadas nos grupos *B2* e *B4*, sendo un dos produtos agrarios con maior redución de protección arancelaria. O trigo e o sorgo tiveron unha evolución estable dentro do conxunto importador mentres que o millo, independentemente da súa procedencia, tivo unha dinámica moi recesiva. Estes feitos poden estar moi condicionados polos cambios nos aprovisionamentos de produtos para a nutrición animal da gandería galega, dado o expansivo de varias importacións do tipo de residuos para a alimentación animal.

O resto dos produtos agrarios que importa Galicia a penas resultaron afectados polas modificacións arancelarias, formando parte dos grupos *A* ó *B1*. Ademais, en moitos casos, aínda que o comercio intracomunitario quedou libre de arancel, as importacións cunha orixe extracomunitaria pasaron a someterse ós réximes complementarios que marca a política agraria comunitaria para protexer o mercado interno. Isto último podería estar explicando o comportamento estable ou recesivo das importacións galegas de lácteos ou de oleaxinosas cunha orixe en terceiros países.

Respecto ós produtos minerais, podemos concluír que se viron pouco afectados pola reestructuración arancelaria (grupo *B1*), con perdas de protección máximas de 9 puntos fronte a calquera área. Sobre o conxunto do fluxo importador, estes bens mostran comportamentos variados, aínda que con predominio das tendencias recesivas. Sen embargo, queremos resaltar unha excepción: as importacións de hulla, importantes para Galicia, que pasaron fronte a ambos os dous espazos de ter un arancel superior ó 10% a quedar exentas e que se mostraron como o segundo produto máis expansivo cunha orixe extracomunitaria. Por outra parte, cómpre lembrar que o proceso recesivo dos combustibles minerais está moi marcado pola evolución dos seus prezos no contexto internacional.

---

<sup>21</sup> En López e García-Carro (2003) aplícase idéntico criterio para o período 1985-1997 e nun apéndice ofrécese esta información para as 219 partidas principais das importacións galegas. Unha actualización desa información para o período 1985-2000 pode ser solicitada ós autores.

Varias partidas de importación de ferro, aceiro e aluminio (principalmente, as menos elaboradas) tamén quedan clasificadas en *BI*, con modificacións moderadas no seu gravame arancelario. O comportamento destas importacións cunha orixe comunitaria foi estable ou recesivo mentres mostran total estabilidade as procedentes de terceiros países. A excepción vén dada por un dos produtos cuantitativamente máis importante: o aluminio en bruto, cun resultado en compras extra-UE do máis expansivo do fluxo importador galego, aínda que a adaptación ó AAC só ocasionou unha rebaixa arancelaria de 7 puntos.

Unha gran parte das importacións de produtos químicos quedaron encadradas nos grupos *A* e *BI*, aínda que para algúns produtos finais (medicamentos ou pinturas, por exemplo) existiron relevantes rebaixas arancelarias. A orixe destas compras sempre foi maioritariamente comunitario, aínda que se pode apreciar unha tendencia a incrementar o aprovisionamento extracomunitario; por iso, os comportamentos recesivos de bens químicos aparecen para a orixe UE.

Respecto á madeira, a recomposición da estrutura arancelaria a penas afectou as materias primas (con aranceis case nulos xa no ano 1985), aínda que si decreceron as tarifas arancelarias das súas manufacturas. Algo similar ocorreu con peles e coiros, onde a confección de coiro rebaixou as súas tarifas arancelarias sobre un 10% fronte a ambas as dúas áreas. En canto á evolución destas importacións, resultou estable ou expansiva; neste último caso, figuran as compras a terceiros de confección de coiro e, ós dous espazos, de madeira tanto en bruto como manufacturada.

As importacións galegas de papel e cartón cunha orixe comunitaria gañaron entre un 10 e un 15% no seu atractivo; as que proceden de países non comunitarios viron rebaixadas as súas tarifas algo menos, supoñendo actualmente non máis do 5%. Este feito probablemente condicionara o incremento da maioritaria presenza dos produtos procedentes da UE, aínda que a evolución destes bens na estrutura importadora resulta máis ou menos estable.

Unha boa parte das máquinas e aparatos mecánicos quedaron clasificados en *BI* e as restantes en *B4*, o que supón unha perda de protección media considerable de 11,2 puntos fronte á CE-10 e de 12,0 puntos fronte a terceiros. Estas importacións chegaron a significar case o 10% do total galego, aínda que nos atopemos con bastantes partidas con tendencia recesiva nos anos analizados. As partidas con evolución expansiva foron as de motores (sobre todo os diesel), de relevancia cuantitativa; estas obtiveron rebaixas nas súas tarifas arancelarias considerablemente por riba das medias anteriores, con implicacións para o aumento da competitividade do sector automobilístico galego, pola vía da redución de custos productivos. Por outra parte, a economía galega segue aprovisionándose destas mercadorías en países comunitarios; esta característica mesmo se remarcou no período estudado, xa que as poucas partidas con presenza de provedores de países terceiros tenderon a desviar ese comercio ó espazo UE.

## 5.2. OS SECTORES CON MAIOR PERDA DE PROTECCIÓN ARANCELARIA

Pasemos, a partir de agora, a analizar os sectores onde maiores resultaron as modificacións arancelarias levadas a cabo desde o ano 1985. Os produtos da construción naval son dos máis relevantes do grupo *B2*. A súa protección viuse minorada arredor de 10 puntos (en algo menos respecto á CE-10 e en algo máis respecto ó resto do mundo); non só isto, senón que o AAC é nulo ou case nulo para as importacións destes produtos. Considerando a nova situación, podemos dicir que o naval galego está suxeito á competencia internacional. Sen embargo, as nosas importacións destes bens seguen sendo mínimas, feito que pode estar significando a boa saúde da produción autóctona.

As importacións de plásticos e cauchos puideron beneficiarse dunhas rebaixas arancelarias considerables, posto que todas as que teñen importancia para Galicia quedaron encadradas nos grupos *B3* ó *B4*. Sen embargo, a súa evolución, en liñas xerais, foi estable, polo que aparentemente as reducións arancelarias non provocaron un incremento significativo na compra destes bens no estranxeiro.

A maquinaria e aparatos eléctricos, de control ou de precisión están encadrados principalmente no subgrupo *B4*, aínda que a variación da súa protección non fose das máis elevadas. A presenza destes bens na corrente de importacións galega non se alterou significativamente, aínda que si houbo cambios na súa orixe. O subministro ó mercado galego deste tipo de bens no ano 1985 resultaba bastante equitativo entre os espazos comunitario e non comunitario; pero no ano 1997 o abastecemento desde a UE xa era dominante. Se cadra, esta desviación de comercio estea influenciada porque a redución arancelaria fronte ós nosos socios ocorreu con bastante anterioridade e porque aínda persisten tarifas entre o 3 e o 5% para estes produtos se son extracomunitarios.

A adhesión de España á CE e as modificacións do AAC propiciaron unha gran alteración na posición protectora dos sectores téxtil e, sobre todo, confección, quedando case todos os seus produtos encadrados no grupo *B4*. En efecto, as materias téxtiles viron recortada a súa protección arancelaria dunha maneira importante e, xeralmente, máis fronte á CE-10 que fronte ó resto do mundo. O caso da confección foi o mesmo, pero agudizado; isto é, as rebaixas arancelarias para a confección comunitaria superaron case sempre os 20 puntos e para as importacións cunha orixe extracomunitaria oscilaron entre os 10 e os 20 puntos. A evolución das importacións galegas difire para ambas as dúas ramas, xa que as téxtiles non mostraron grandes cambios, mentres que as importacións de confección demostran unha marcada tendencia expansiva coas dúas orixes estudadas. Para o sector da confección, xa que logo, si podemos pensar que a apertura ó exterior contribuíu á entrada dun maior fluxo de produtos estranxeiros. De todas formas, non cremos que isto orixinase situacións de creación de comercio no mercado interior galego, posto que o despegue do sector en Galicia sitúase a finais dos anos oitenta. Por outra parte, o caso do calzado reitera os comportamentos explicados para o téxtil.

Por último, e en absoluto menos importante, comentaremos os resultados do sector da automoción, de vital interese para o comercio exterior galego. Os automóbiles gozaban dunha protección antes da adhesión do 36,7% fronte ós países comunitarios e de case o 50% para os non comunitarios. Sobra insistir na influencia positiva desta hiperprotección no desenvolvemento do sector automobilístico nacional (Galicia incluída). Pero a situación actual é ben distinta, de forma que as importacións galegas de automóbiles xa só están gravadas se proceden de fóra da UE e cunha tarifa do 10%. Concretamente, o automóbil é o produto que máis protección arancelaria perdeu fronte a ambos os dous espazos económicos. Con este cambio tan radical, non é de estrañar o aumento das súas importacións nestes últimos anos, reflectindo fenómenos de creación de comercio en Galicia ou, como mínimo, incrementando o comercio intraindustrial deste produto. En concreto, as importacións das partidas 8703 e 8708 (turismos e compoñentes de automóbiles, respectivamente) foron as máis expansivas do comercio exterior galego. Esta expansión fundamentouse totalmente no mercado comunitario, co que este mantén o seu absoluto predominio. Polo tanto, parece claro que a forte diminución dos aranceis a este sector impulsaron a súa importación aínda que, probablemente pola influencia das barreiras non arancelarias na fronteira da UE ou polo establecemento en países comunitarios de plantas productivas, os produtores de países terceiros seguen sen penetrar no mercado galego.

### 5.3. REPERCUSIÓNS SOBRE A ESTRUCTURA IMPORTADORA

Para finalizar, imos tratar de sintetizar a conexión entre os cambios na protección arancelaria e a evolución do fluxo importador. Ó longo deste quinto epígrafe expuxemos casos concretos desta relación para determinados produtos relevantes nas importacións de Galicia. Así, constatamos que algúns dos produtos máis expansivos dos últimos anos coinciden cos que máis protección cederon; por exemplo, os automóbiles e os seus compoñentes, algunha roupa, os motores diesel, os medicamentos dosificados, os cables para electricidade ou a hulla. Sen embargo, esta relación non é igual de perceptible nos dous espazos estudados, xa que o crecemento destacable de case todos os casos anteriores foi debido ó comercio comunitario. Se cadra, unha explicación lóxica a este comportamento veña dada porque as importacións destes produtos cunha orixe comunitaria xa eran maioritarias antes da adhesión, facilitando o aproveitamento das infraestructuras comerciais existentes. Tamén os sistemas de protección extraarancelaria da UE poden estar desenvolvendo un papel determinante.

Polo tanto, a coherencia entre a redución arancelaria e o crecemento do fluxo importador é moi limitada, centrándose en maior modo no comercio cos nosos socios comunitarios. Para as importacións cunha orixe en terceiros países, este tipo

de relación redúcese a moi poucos produtos (a hulla ou algúns da confección), polo que non a xulgamos significativa en absoluto. É máis, no comercio con terceiros son moito máis numerosos os casos de importacións expansivas e clasificadas nos grupos *A* ó *BI*, por non teren elevadas reducións arancelarias. O exemplo máis válido é o dos produtos pesqueiros, que experimentaron un crecemento espectacular en compras a países non comunitarios, a pesar de que, polas transformacións arancelarias, tivesen que soportar maiores gravames en fronteira. Os produtos con escasa variación no seu gravame a terceiros e con notables aumentos de importación na economía galega son principalmente materias primas: aluminio en bruto, madeira en bruto e serrada, aceite de petróleo ou granito en bruto.

As afirmacións anteriores vense reforzadas polos coeficientes de correlación entre ambas as dúas variables (perda arancelaria e maior participación no fluxo importador), que calculamos para as dúas áreas subministradoras e para os cinco grupos definidos de partidas. Só obtivemos resultados moderadamente altos nos grupos *B3* e *B4* para a orixe comunitaria (0.53 e 0.28, respectivamente). De todos modos, sería imprudente esperar unhas relacións máis intensas, tendo en conta que os gravames arancelarios son só un elemento dentro da protección global en fronteira e un dos moitos determinantes do fluxo importador.

## 6. CONCLUSIÓNS

En primeiro lugar, este estudo mostrounos que a asunción da política arancelaria comunitaria por parte do Estado español e as posteriores modificacións do AAC reduciron notablemente a protección nominal arancelaria do mercado interior de Galicia. Esta redución de gravame arancelario para os produtos estranxeiros máis destacados que importa Galicia foi máis intensa e rápida con respecto ós que proveñen do resto dos países comunitarios que fronte ós dos países non pertencentes á UE. As rebaixas fronte á UE concentráronse nos anos do período transitorio, 1986-1993, de modo que este último ano o arancel era xa inexistente; pola contra, as reducións fronte ós países terceiros poden entenderse en dúas etapas: a primeira, coincidente co período e motivo anterior; e a segunda, desde aquela ata a actualidade (e que proseguirá no futuro) debido ós pactos da UE no seo da OMC.

En segundo lugar, unha análise pormenorizada mostra que a diminución de protección arancelaria non afectou uniformemente a todos os produtos que a economía galega importa. Neste sentido, os sectores que máis reducida viron a súa protección arancelaria, con respecto á que mantiñan antes da adhesión, foron a automoción e a confección, e tanto fronte ó espacio comunitario como ó extracomunitario. En cambio, entre as importacións que a penas se viron afectadas polas transformacións arancelarias (en xeral, porque xa previamente á adhesión tiñan baixos aranceis) atopámonos a moitas materias primas industriais (minerais metálicos e

enerxéticos, madeira, peles), ós transformados metálicos ou á química básica. Como caso claramente particular, unha gran parte do sector agrario gañou protección fronte ós países non comunitarios a cambio de renunciar á que tiña fronte ós produtos comunitarios.

Por último, respecto á relación entre os cambios na protección arancelaria e a evolución do fluxo importador, constatamos que algúns dos produtos máis expansivos entre as importacións de Galicia dos últimos anos coinciden cos que máis protección perderon; por exemplo, os automóviles, algunha roupa, os motores diesel, os medicamentos ou a hulla. Sen embargo, esta relación directa non é en absoluto xeneralizable. Primeiro, porque a coincidencia de ambos os dous fenómenos só é apreciable para as compras galegas a países comunitarios. Segundo, porque tamén existen abundantes casos de produtos que aumentan a súa presenza na estrutura importadora galega a pesar de non teren altas rebaixas arancelarias, sendo as importacións de peixe o exemplo máis válido.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, J.A.; DONOSO, V. (2001): “El sector exterior”, en J.L. García Delgado [dir.], R. Myro e J.A. Martínez Serrano [codir.]: *Lecciones de economía española*, pp. 425-458. 5ª ed. Madrid: Civitas.
- BAJO, O.; TORRES, A. (1990): “Estructura y características de la protección en España”, *Información Comercial Española*, núm. 687, pp. 103-123.
- BUISÁN, A.; GORDO, E. (1995): “La protección nominal como factor determinante de las importaciones de bienes”, *Revista de Economía Aplicada*, núm. 7, pp. 27-43.
- CAÑADA, A.; CARMENA, A. (1991): “Los cambios en el sistema fiscal-arancelario: repercusiones sobre la competitividad española”, *Boletín de Información Comercial Española*, núm. 2263, pp. 11-27.
- CARDERERA, L. (1997): “La política comercial española: diez años de política comercial común”, *Información Comercial Española*, núm. 766, pp. 31-47.
- FERNÁNDEZ, X.; LÓPEZ, E. (2000): *Estrutura económica de Galiza*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- GARCÍA, L.; SUÁREZ, C. (1993): “Análisis de la protección exterior de la industria española”, *Moneda y Crédito*, núm. 196, pp. 233-276.
- LÓPEZ, I.; GARCÍA-CARRO, B. (2003): *Desarme arancelario del mercado gallego y evolución de las importaciones de bienes*. (Documentos de Trabajo, núm. 17). Santiago de Compostela: IDEGA - Universidade de Santiago de Compostela.
- MELO, F.; MONÉS, M.A. (1982): *La integración de España en el Mercado Común. Un estudio de protección arancelaria efectiva*. Madrid: Instituto de Estudios Económicos.
- SEQUEIROS, J.G. [dir.] (1999): *El comercio exterior de Galicia, 1980-97*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza.